

20



## Ollos abertos

### O que esperamos

Todos temos experiencia de esperar con impaciencia algún acontecemento importante e alegre.

#### ■ Acontecementos que esperamos

- 
- 
- 
- 
- A fin de semana.
- O remate dunha clase.
- 
- 

▶ ¿Cal destes acontecementos tés maior desexo de que cheguen?

▶ ¿Que momentos recordas nos que esperaches algo con maior impaciencia?



## Mirada penetrante

### Preparar os acontecementos que esperamos

É moi interesante prepararnos ben para vivir con intensidade os acontecementos importantes.

#### ■ Actitudes acertadas e equivocadas

**Ingrid** fai moitos plans para as vacacións. Sempre está a pensar nelas e non dedica tempo aos estudos.

**María** tén unha amiga íntima que virá pasar con ela quince días. Está a preparar ben todo para que o pase ben a súa amiga.

**Mónica** está ilusionada cunha actuación no festival do colexio. Necesita prepararse pero está tan distraída que non se concentra nos ensaios.

**Xacobo** tiña que xogar o final dunha competición de fútbol; procurou estar tranquilo, adestrouse con interese e espera facer un bo partido.

▶ ¿Quen tén unha actitude acertada (A) e quen a tén equivocada (E)?

Ingrid:

Mónica:

María:

Xacobo:

## ■ Como esperar os acontecementos importantes

Habemos de esperar os acontecementos importantes de maneira...

Activa • • Sen nervios

Serena • • Ben preparados

Illusionada • • Con desexo e alegría

► Une cunha liña a palabra da dereita coa frase correspondente da esquerda.



### Oídos atentos

#### Xesucristo volverá cheo de gloria

Xesucristo, despois da súa Ascensión ao Ceo, volverá cheo de gloria para levar á máxima perfección a obra salvadora que iniciara.



*Este Xesús que vos foi levado de entre vós ao ceo, ha volver do mesmo xeito que o vistes ir. (Feit 1,11)*

#### ■ A realización plena do proxecto de Deus

##### A segunda vinda de Cristo

- 
- 
- 

##### A resurrección dos mortos

- 
- 
- Compartirán plenamente a vida de Deus e a gloria de Cristo.

A salvación e o Reino de Deus totalmente realizados.

A GLORIA DE DEUS ÉNCHEO TODO

##### O xuízo universal

- 
- 
- 
- 

##### A renovación do mundo

- 
- 
- 

► Relaciona o anterior cos catro textos bíblicos que veñen a continuación. Busca a qué parte corresponde cada un deles.



*Os mortos resucitarán... e nós apareceremos transformados... A morte foi destruída pola vitoria. (1 Cor 15,52-54,57)*



*Todos teremos que comparecer tal como somos ante o tribunal de Cristo, para que cada un recolla o seu merecido polo que teña feito mentres vivía no corpo. (2 Cor 5,10)*



A creación será librada da escravitude da corrupción. (Rom 8,21) Segundo a súa promesa, nós esperamos uns ceos novos e unha terra nova, nos que reinará a xustiza (2 Pe 3,13) Agora fago novas todas as cousas. (Ap 21,5)



Entón... aparecerá o sinal do Fillo do home no ceo... con moito poder e gloria. E... reunirá os elixidos dende os catro ventos, de cabo a cabo do mundo. (Mt 24,30-31)

## ■ 2 ■ Cando sucederá

Sabemos que todo isto sucederá con certeza, aínda que non coñecemos nin cando nin como será.

**Isto sucederá con certeza**



O ceo e a terra pasarán, as miñas palabras non pasarán. (Mt 24,35)

**Só o Pai coñece a hora**



Aquel día e aquela hora ninguén os coñece; nin o Fillo, senón só o Pai. (Mt 24,36)

## ■ 3 ■ O triunfo final de Cristo

Vencidos definitivamente o mal, o pecado e a morte, Cristo reinará en todo e entregará ao Pai completamente transformado o mundo co que soñara cando o creou.



Despois será a fin, unha vez destruído todo Principado, toda Potestade e toda Dominação. Porque é necesario que el reine... A morte será o derradeiro inimigo destruído... Cando lle teña todo sometido, entón tamén o propio Fillo se someterá a quen lle someteu a El todo: para que Deus sexa todo en todo. (1 Cor 15,24-26.28)



## Memoria esperta

### A última vinda de Cristo

A Igrexa invítanos a vivir alegres na esperanza de que un día Cristo volverá e faranos partícipes da súa resurrección, da súa gloria e da súa felicidade.

- ¿Que sucederá na última vinda de Cristo?
- ¿Como habemos de esperar os cristianos a última vinda de Cristo?

- ¿Como seremos xulgados ao final da nosa vida?



## Mans activas

### Prepararnos para a vinda de Xesús

Xesús, cando falaba á xente da súa última vinda, propoñía algunas parábolas para dicirles como debían prepararse para este gran acontecemento. Así debemos prepararnos tamén nós.

#### ■ Actitudes para a última vinda de Xesús

1

Coma o criado a quen o amo, ao vir, o atopa traballando e cumplindo co seu deber. (Mt 24,46-51)

2

Coma as mozas que tiñan as súas lámpadas preparadas para recibir ao noivo. (Mt 25,1-13)

3) Desenvolver as calidades que Deus nos deu

Coma o empregado que inverte ben e fai producir o diñeiro que lle entrega o seu amo. (Mt 25,14-30)

4

Tratando con cariño aos máis necesitados como tratariamos a Xesús. (Mt 25,31-46)



#### ■ Actitudes dalgunhas persoas

**Agostiño** tén moi boas calidades para a música e o deporte; se adestrase máis, podería tocar moi ben a guitarra e destacar no fútbol.

**Antonio** pótase ben soamente cando o ven, pero, cando non o ve ninguén, fai o que lle dá a gana.

**Nuria** di que empezará a facer o ben aos pobres cando sexa vella; agora tén que aproveitarse e vivir comodamente.

**Andrea** é moi intelixente e podería levar sobresaíntes pero é moi vaga e conténtase con estudar o imprescindible para aprobar.

► ¿Cal das catro actitudes non cumplen estas persoas?

Agostiño:

Antonio:

Nuria:

Andrea: